

## Poemas da Mariña de Miguel Anxo Mouriño

MARTA DACOSTA ALONSO

O pasado 24 de outubro presentamos en Gondomar, na sede do IEM, o último libro de Miguel Anxo Mouriño, *Poemas da Mariña*, no día das bibliotecas reunímonos para falar dun libro en que latexa a lingua, e para falar dun escritor, dun poeta que se chama a si mesmo, nalgún destes versos, patrialinguado, explícito neoloxismo que reivindicou vivamente para a súa incorporación ao dicionario.

Miguel Anxo Mouriño é un mestre que se entregou con paixón ao labor docente. Exerceu no colexio de Riomaior en Vilaboa e alí dedicoulle moitas horas e atención á biblioteca do centro, unha biblioteca que a día de hoxe leva o nome de Miguel Anxo Mouriño.

Co maxisterio, Miguel Anxo entregouse tamén á poesía. Como el mesmo recolle no seu libro *Onde tanto me teño sementado*: “Non souben nunca se,... son un poeta mestre ou un mestre poeta porque foron estas as dúas actividades con proxección pública máis gratificantes da miña vida. E moi ligadas entre si. O exercicio da docencia ten moito de poeta pois é a palabra a arma que utiliza para labrar os campos virxes da infancia e sen poesía non é posible resucitar na aula unha metáfora da vida necesaria para guiar polo carreiro do futuro.”

En 1987 gaña o premio Lorenzo Varela co poema “Camariña” que logo sería publicado nun cartel de Isaac Díaz Pardo. Escribiu tamén os libros de poesía: *Camariña: sete cruces e unha esperanza*, *E segues a tirarme das entrañas*, *Gondomar de Pablo*, *Versos primos*, *Onde tanto me teño sementado*, libro este en que vén falar dos seus alumnos, alumnos como Pedro e Antón Álvarez, tataranetos de Emilio Álvarez Jiménez, o primeiro escritor en galego da estirpe dos Álvarez que participan no libro con cadanseu prólogo.

Dedicou o seu tempo tamén á literatura xuvenil publicando en Galaxia os libros *Os arriscados*, *Reino ideal*, *As noces do arco da vella*. Ademais é tamén tradutor, e grazas a el podemos ler na nosa lingua o poema “If”, de Rudyard Kipling, e outros libros que agora non sei citar.

E disto todo sabemos porque aparece a súa sinatura, como no libro colectivo *Versus cianuro*, en que se recolle un dos seus poemas. Mais Miguel Anxo Mouriño está

detrás de moitos proxectos que coñecemos, se cadra sen saber que el é o seu motor. Mouriño é o responsábel da sección de Lingua e Literatura do IEM, e é quen procura que o certame literario Conde de Gondomar, que ten dado á luz tantas e tantas obras de mozas e mozos do Val Miñor, continúe en pé. É quen promove e organiza variados eventos culturais aos que asistimos na aula Ponde de Rosas ou no propio Auditorio de Gondomar, como os Días das letras galegas.

E é o dinamizador do recoñecemento da figura de Victoriano Taibo, coordinador da publicación dun monográfico sobre o autor, en que se inclúe un artigo da súa autoría, así como o responsábel da reedición do seu libro *Da agra aberta*, ou do poema *A Tecedeira*. Grazas ao seu traballo creouse o certame de poesía que converteu Morgadáns e Gondomar en punto de atención das e dos poetas galegos, e a entrega do premio Victoriano Taibo en Morgadáns nunha cita agardada do panorama das letras galegas.

## POEMAS DA MARIÑA

Hoxe presentáanos *Poemas da Mariña*, un libro que, ao primeiro golpe de ollos, chámáanos a atención pola súa coidada presentación. Lendo o libro acabei de percibir esas tonalidades que nolo presentan e que son acordes ao colorido interior do poemario.

Temos ante nós un libro estruturado en catro partes Azul Intenso, Benvida, Un ano mariñán e O anxo da nosa agarda, unha especie de epílogo en que como nun círculo que non para de rodar saúdase o anuncio da chegada dun compañeiro de xogos, doutro herdeiro do poeta patrialinguado. Nas dúas primeiras partes do libro, atopamos ao inicio de cada unha delas un caligrama, case un debuxo no segundo caso, que concretiza a ambición plástica destes versos.

*Poemas da Mariña* ábrese cunha Oda, un texto de ledicia e celebración. Esta primeira parte está dedicada a Maricarmen e o propio poeta nos adianta que se trata dunha parte en que fala da voda da nai de Mariña, por iso os poemas queren ser consellos, reflexións, alegría, todo bos desexos e para iso convoca a cor, o son, e todas as palabras capaces de transmitir ese sentimento de ledicia. Ao longo da lectura do libro iremos comprobando como a cor azul aparece ligada ao concepto de futuro, o que está por vir. As cores están moi presentes, así no poema en que se describe a felicidade como unha rosa azul de delicados pétalos e no que se fala da imperfección como uns lentes amarelos que ao final non nos deixan ver a cor real da felicidade e fan que o vexamos todo verde, a vida é verde entón?

O azul que en tanto en canto é portador destes significados convértese nun dos pólos simbólicos fronte ás nubes que nos cobren, o presente de farallóns cortantes, un presente que é “naufraxio anacrónico que nos arrastra cara á nada, o non ser, un misterio gris, extravagante”.

Esta primeira parte que se abre cunha Oda que é un Envío, ten tamén entre os seus inicios un caligrama, o caligrama da Flor do amor, que ten no seu centro a palabra vida. Nesta flor que debuxa para nós o poema, a vida é o centro, unha vida que é converxencia, porque nela habitan os binomios: o arco, que representa o triunfo e a visibilidade, e as columnas, que soportan o seu peso e o fan posíbel, mais non

gozan do privilexio do cume. A nube, promesa de auga necesaria, e o vento, que leva esa auga cara a onde é precisa. Binomio, antítese, ás veces contradición é a vida. Mais binomios que compoñen a vida ao converxeren, ao soar á par como unha soa corda, por iso o poeta compara os binomios co erhu, o violín chinés de dúas cordas. E ao final a converxencia é unha escada sobre a que podemos erguernos para ver a felicidade:

*esa escada-tesoira  
que permite asomarse sobre o borde apagado  
dos valados de néboa e albiscar  
o perfil vagaroso ...  
azul intenso, da felicidade*

Este poema está directamente relacionado co seguinte, en que a utilización verbal do futuro non nos impide percibir a seguridade coa que o eu poético afirma que nacerá unha flor de Camariña, e elixe esta flor entre todas as posibeis, será para facernos pensar que estamos ante algo único, propio, de noso? Non esquezamos que a camariña é unha flor representativa para este poeta e que mesmo deu título a unha das súas obras. Como el mesmo sinala por ser a camariña unha flor de noso, como dicíamos, e por representar dalgún xeito a nosa lingua: antes abundante, agora ...

Tamén a felicidade aparece reiteradamente ao longo do libro, sempre insistindo na idea de que é unha quimera, porque a felicidade non é meta ou carreira, senón camiño ou pista. Talvez porque non é un obxectivo a acadar senón algo que debe ser construído día a día.

E chegamos á segunda parte, á Benvida, aquela en que se manifesta o que é para min a cerna do libro. A responsabilidade do legado, aínda que o poeta ao dedicarlle o libro á pequena diga que é a herdeira do que non legou.

Leo poemas intensos que me falan dun tesouro que o eu poético ten que entregar a quen chega, e atopo o eixo do libro, esa transmisión, unha transmisión inmaterial fulcral: a da lingua. O avó-eu-poético que fala desde o texto sitúase a si mesmo como elo do pasado e en tanto que o seu tempo caduca quere deixar a ese futuro azul que chega esta lingua azul e branca, o seu tesouro máis prezado: a súa propia razón de ser, a súa identidade patrialinguada parafraseando o poeta.

*Eu por verte singrar  
capitana dun mar azul e branco  
daría o meu tesouro de silencio.*

E este tema que vai chegando conforme avanzamos no texto constrúese con versos en que sobrancea o coidado da lingua, versos construídos con palabras que falan da ledicia, da felicidade, nos que escoitamos os cantos dos paxaros ou vemos o amencer, e a lectora repara en que todo iso está anunciado no envío que nos fai o poeta, ese primeiro poema que destaca xa por ser formalmente clásico, un soneto, ma non troppo, pois como tantas veces teñen feito as e os poetas, Miguel Anxo Mouriño rompe o molde clásico ao pechar cada unha da catros estrofas cun verso de arte menor, heptasilábico.

Porque ao reler o poema atopamos nova significación e non podemos deixar de velo xa, como compendio do que o propio libro é: coidado conxunto de mensaxes escritas coa vontade de ser transmitidas: *envíochas con veste de esconxuro*, e nas que se deposita o seu devezos: *desvísteas con cariño*.

O coidado da lingua e a plasticidade que ás veces acadan os versos dan lugar a xogos tipográficos como o do poema que se move coa onda á que fai referencia: *sexa corrente undosa azul intensa* ou chega mesmo a provocar a confección dese poema flor, ese caligrama inicial de que falamos, ou definitivamente onda infantil do mar en que xa navega Mariña ao abrirse a segunda parte do libro.

Tamén o fonosimbolismo, as palabras postas ao servizo da música do poema: *cara á néboa uniforme informe enorme*.

Leo os versos de Miguel Anxo Mouriño e escoito ecos de autores que foron. E eu non sei se o poeta trae intencionadamente eses ecos ao texto, mais tampouco me importa porque o libro xa é meu, lectora que del me apropio e ao lelo creo un libro novo lido desde a miña experiencia. Por iso son eu a que escoita os ecos de Jorge Manrique cando o poema di:

*canle de camariñas e camelias  
dende hoxe ata o mar,  
ese misterio*

Ou a que viaxa ás imaxes vangardistas de Manuel Antonio cando leo sobre as andoriñas xiróvagas que ve pasar a capitana. Ou Avilés de Taramancos neses anhos tenebrosos de flamíxera espada que deben ser vencidos, como o paso do tempo, coa cornucopia chea do elixir da vida, que é, naturalmente, as cantigas (outra vez a lingua) que na copa caben.

E por suposto, a lectora lembra a Manuel María ao ler o que considero o poema central deste libro, ese que contén un neoloxismo fulcral, definitorio e definitivo: patrialinguado. Lembro a Manuel María porque este poema me remite a outro poema do chairego, o poema *Verbas a miña nai* publicado en *Mar maior* en 1963, un poema en que se representa a vontade de dignificación da nosa lingua, unha lingua que o pobo mantivo viva e que foi desprezada, por iso quere volverlle á nai, en forma de poema, as palabras que ela lle aprendeu na infancia. E, no libro que nos ocupa, Miguel Anxo Mouriño fala de entregarlle a lingua á neta que xa comeza a falar, que xa comeza a crear a realidade coas súas propias palabras, como diría Gamoneda, constrúe un mundo en que ela, ao capitanear esa nave que avanza por un mar branco e azul acaba por se converter en faro, porque ela é singular, única e propia coma a Camariña, fermosa, cativadora e atraente coma as sereas, sendo ela unha serea atlántica dun mar de esperanza en que converterá en patrialinguados os navegantes errantes, iluminadora das tebras e guieiro coma a torreira, gobernadora da vida e do futuro como a capitana, porque todo iso é: camariña, serea, torreira e capitana que ensaia eufonías e promete tesouros e como nun xogo deseña xa o mundo coa súa lingua:

*Ra, máis, non, can,  
chan, xa.*

Porque, finalmente, Miguel Mouriño comparte a mesma idea que Manuel María expresou no poema *A Fala*: “se perdemos a fala non seremos ninguén”, e que en palabras de Mouriño é:

*que cando morre unha lingua  
esvaécese unha patria  
canda ela*

E o poeta dinos que as verbas nosas que quere escoitar na boca de Mariña son olifantes telúricos e por tanto o seu son chega lonxe, lonxe, vence meigallos. Mais advírtelle á pequena:

*Terás que navegar contra corrente  
nesta ría espectral que nos arrastra  
cara ao barranco gris*

Uns versos que, sen seren escritos para estes días, acáenlle ben a este presente mingunte. É o que ten a poesía, a capacidade de nomear a realidade, sen importarlle a liña espazo e tempo. Mais hai lugar á esperanza, sempre, e por ela agardamos, como diría Carvalho Calero, e o avó dille á neta: “PERO TI ES MARIÑA, TI ES, MARIÑA” que é o mesmo que afirmar que si, que ela vencerá as tebras e navegará.

Esta foi a miña lectura, condicionada por quen eu son, outra patrialinguada que tamén teima en deixar torreiras e capitáns da lingua para as navegacións futuras. Mais se queredes a palabra directa do autor, só tedes que achegarvos ao blog do mesmo nome: poemas da Mariña. Unha das súas entradas, a titulada herdeira, pareceume especialmente emotiva. E ao lela, volvíñ ao poema que comeza: “e vexo nos teus ollos”, ese que fala de vencer o meigallo antigo e poderoso dunha raíña oculta nun anagrama, porque atopei nel un novo e emotivo significado, que non desvelo porque quero que vaiades ao blog e leades por vós mesmas/os.

E se esta intriga non é suficiente, remato dando lectura a estoutra entrada, que me parece o mellor xeito de rematar esta presentación.

## TEIMA

Uns días atrás interrogoume un amigo sobre o uso de certas palabras (misteriosas, dicía el) nestes versos de Poemas da Mariña:

*Neste mundo que habito  
patrialinguado,  
alumno do poeta mensaxeiro,  
has ser a conmatriota  
que me descende.*

Faleille de Pessoa, autor de Mensagem, e da súa teima coa lingua que o levou a dicir: Minha pátria é a língua Portuguesa. Eu compártoa, a teima, digo, e síntome

máis realizado ao saber que vou ter descendentes co galego como lingua de instalación.

Esta teima lévame, como tamén levou a Pessoa, a tratar de corrixir o mal uso que se lle dá con tanta frecuencia; e non persigo o autor (ben, é un xeito de falar, non persigo a ninguén) senón a realización. Porque penso que un idioma non pode vivir se non se sente querido e respectado, e iso demóstrase falándoo e escribíndoo coa pertinente corrección...